

**FICHA RESUME**

PE 403A 2008/ 19-5

<b>Ano</b>	2009 (*)
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CANGAS
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE ALGAS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	LIBRE MARISQUEO
<b>Modalidade solicitada<sup>(3)</sup></b>	MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE

<b>Especies</b>	<i>Laminaria hyperborea</i> , <i>Laminaria ochroleuca</i> , <i>Laminaria saccharina</i> , <i>Undaria pinnatifida</i>
<b>Ambito do plan</b>	De praia Canabal a Punta Couso e Illas Cíes.
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona A: de praia Canabal a Punta Couso Zona B: Illa norte de Cies Zona C: Illa sur de Cies

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	5	13
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Non</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>		90										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> : de xaneiro a xullo												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b> : Mergullo con subministro de aire dende superficie.												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X						

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
Especies	A pé	Embarcación* (kg/día)	Tripulante/habilitación* (kg/tripulante/día)
Algas		1500 kg	500

\*para o conxunto das especies

<b>Artes a empregar</b>	Mergullo con subministro de aire dende superficie.
<b>Puntos de control</b>	Faro Borneira (zona A), Pedra Cantareira (zona B), praia de S.Martiño (zona C) e rampla de descarga do peirao de Cangas e lonxa de Cangas.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Cangas



Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epoas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
<b>Limpezas</b>												
Zonas:												

### Consideracións

Co obxecto de racionalizar a explotación do recurso só se autorizan as seguintes **especies**: *Laminaria hyperborea*, *Laminaria ochroleuca*, *Laminaria saccharina*, *Undaria pinnatifida*. O plan presentado indica que só se están a explotar dúas especies, *Undaria pinnatifida* e *Laminaria ochroleuca*. Ademais a evolución deste plan só presenta obxectivos de produción e económicos para para laminaria, wakame e golfo.

O número de días propostos é elevado tendo en conta a evolución da campaña en anos anteriores (entre 60-70días), polo que se reducen a 90. A época probable proposta considérase axeitada.

O informe da actividade de mergullo de data 21.11.2008 é favorable a autorizar a realización das inmersións necesaria para a execución do plan, sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente..

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro e das capturas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á Delegación Territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos da explotación do mes anterior. Na petición de apertura temén deberán indicar a empresa que pretende adquirir as algas, de coñecerse.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Presentar un calendario da actividade para o ano 2009 que indique as cantidade prevista por especie, zona e mes de traballo.
- No seguimento do plan do ano 2008 indicar a empresa que adquiriu as algas.
- Realizar unha avaliación do recurso con anterioridade ao inicio da explotación.

En data 20.11.2008 o **Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia** informa favorablemente a aprobación do plan de explotación, coas seguintes condicións:

- Que non sexan extraídas especies de algas autóctonas que teñen un importante valor ecolóxico como: *Laminaria ochroleuca*, *Gelidium sesquipedale*, *Chondrus crispus*, *Mastocarpus stellatus*, *Laminaria hyperborea*, *Laminaria saccharina*, *Fucus vesiculosus*, *Fucus spiralis*, *Fucus serratus* e *Himanthalia elongata*.
- Que a recolección de algas se realice manualmente, de maneira que non se provoquen impactos negativos nos fondos mariños do Parque.
- Recoméndase que a extracción de algas se centre sobre todo na recolección de wakame (*Undaria pinnatifida*) que é unha especie alóctona.
- Informase desfavorablemente a extracción nas zonas de mäerl (ver mapa anexo).